



## VIII Curso de Verán de Lingua e Cultura Galegas para Persoas Estranxeiras

### Organiza

O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña con financiamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

### Descrición do curso

Este curso diríxese a aquelas persoas procedentes de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia que estiveren interesadas en se introduciren no estudo da lingua e a cultura galegas, así como en ampliaren os seus coñecementos sobre estas materias.

### Niveis

Ofrécense dous niveis: un **nivel elemental (A1-A2)**, de iniciación á lingua galega para as persoas que desexaren introducirse no seu coñecemento; e un **nivel intermedio (B1-B2)**, destinado a quen xa tiver realizado o curso elemental ou acreditar documentalmente un coñecemento básico do idioma.

Durante a primeira semana poderá haber axustes de nivel se o profesorado o considerar necesario.

### Duración

80 horas lectivas

### Calendario do curso

O curso impartirase do 1 ao 24 de xullo de 2015.

### Lugar de realización

Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, campus da Zapateira s/n, 15071 A Coruña

[www.udc.gal/filo](http://www.udc.gal/filo)

### Número de prazas

De se non cubriren 10 prazas como mínimo poderase suspender o curso.

### Prazo e lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes enviaranse por correo electrónico ao enderezo: [snl@udc.es](mailto:snl@udc.es) antes das 14:00 h do día **12 de maio de 2015**.

### Comisión de selección e criterios de avaliación

A Comisión de Selección estará composta polas seguintes persoas:

- Carlos Amoedo Souto, secretario xeral da Universidade, ou persoa en quen delegar
- Xosé Ramón Freixeiro Mato, director do curso e do Servizo de Normalización Lingüística
- Marisol Ríos Noya, secretaria do curso e técnica do Servizo de Normalización Lingüística

O baremo farase conforme aos seguintes criterios:

a) **Memoria:** máximo 6 puntos (60% da puntuación total), distribuídos da seguinte maneira:

- un máximo de 2 puntos polas motivacións para realizar o curso,



- un máximo de 2 puntos polo interese polo coñecemento e o estudo da lingua e da cultura galegas,
- e un máximo de 2 puntos pola contribución do curso para a formación e o futuro laboral e/ou investigador.

b) **Currículo:** máximo 4 puntos (40% da puntuación total). O currículo será valorado desde a perspectiva do grao de relación co obxecto da convocatoria, destinada fundamentalmente a estudiantado en proceso de formación; neste sentido terase especialmente en conta o feito de estar cursando galego na actualidade.

Só se valorarán os expedientes que acrediten documentalmente os méritos e que achegaren a documentación completa na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes. As persoas admitidas recibirán unha notificación por correo electrónico.

Non poderán ser adxudicatarias destas axudas de estadia as persoas que se beneficiasen delas con anterioridade no mesmo nivel do curso.

### **Matrícula**

O **importe da matrícula** é de **60 €**. Neste prezo están incluídos o material didáctico e os gastos das actividades complementarias de carácter cultural.

Para se inscribir é necesario ter feitos os 18 anos e que o formulario de inscrición (**Anexo I**) chegue á Secretaría do curso **antes do día 12 de maio de 2015**. Este formulario será enviado ao enderezo electrónico <snl@udc.es>.

Logo de se publicar a listaxe das persoas seleccionadas, estas deberán **pagar a matrícula** por transferencia bancaria, mediante o formulario que se publicará na web do Servizo de Normalización Lingüística ([www.udc.es/snl](http://www.udc.es/snl)). **Cómpre remitiren o xustificante de pagamento (páxina 2) escaneado por correo electrónico** a este servizo ([snl@udc.es](mailto:snl@udc.es)) antes do día **5 de xuño de 2015**.

Só se considerará inscrita unha persoa cando se recibir no Servizo de Normalización Lingüística o xustificante de pagamento da matrícula.

O orixinal deste documento e o resto da documentación das persoas seleccionadas terá que ser remitido en papel por correo postal ao Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña.

### **Bolsas de estadia**

A Universidade da Coruña concederá **16 bolsas** de estadia de **500 €** brutos, suxeitas aos descontos que marca a lei (no caso das persoas estranxeiras o 24%, de conformidade co artigo 25 do Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo).

Estas bolsas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 0100.0107.422D.480.04 (Bolsas, Servizo de Normalización Lingüística).

Para solicitaren estas bolsas, as persoas interesadas deberán enviar a seguinte documentación:

- a) O formulario normalizado debidamente cuberto (**Anexo II – Solicitud**)
- b) Unha fotocopia do documento de identidade (para cidadáns da Unión Europea) ou pasaporte



- c) O impreso de datos bancarios debidamente cuberto (**Anexo VI**, para persoas estranxeiras) (**Anexo I** para residentes en España), xunto cunha **certificación da entidade bancaria** correspondente, para poder realizar o ingreso
- d) O currículo da persoa solicitante
- e) Unha breve memoria en que figuraren, cando menos, as seguintes cuestións:
  - as motivacións para realizar o curso,
  - o interese polo coñecemento e o estudo da lingua e da cultura galegas,
  - e a contribución do curso para a formación e o futuro laboral e/ou investigador
- f) Unha carta de presentación dun/dunha profesor/a da entidade en que estuda ou en que estudou a persoa solicitante, se for posíbel.

A adxudicación das bolsas de estadía resolverase antes do día **20 de maio** e a listaxe de persoas beneficiarias será publicada na web do Servizo de Normalización Lingüística, co enderezo [www.udc.gal/snl](http://www.udc.gal/snl).

Contra esta adxudicación, a persoa interesada poderá interpor un recurso potestativo de reposición perante o reitor da Universidade da Coruña a partir do día seguinte ao da súa publicación.

### **Obrigas das persoas bolseiras**

A persoa bolseira comprométese a asistir a todas as sesións programadas.

O incumprimento por parte da persoa bolseira desta obriga ou dalgunha das condicións recollidas nestas bases suporá a perda da bolsa concedida e mesmo o reintegro das cantidades percibidas.

### **Diploma**

Todas aquelas persoas que superaren con éxito as probas de avaliación obterán un certificado oficial do nivel elemental ou do nivel intermedio de Lingua Galega expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

### **Máis información**

– Xosé Ramón Freixeiro Mato, director do curso e do Servizo de Normalización Lingüística

+ 34 981 167 000, ext. 1177

[ramon.freixeiro@udc.es](mailto:ramon.freixeiro@udc.es)

– Marisol Ríos Noya, secretaria do curso e técnica do Servizo de Normalización Lingüística

+ 34 881 011 042

+ 34 981 167 000, ext. 1042

[snl@udc.es](mailto:snl@udc.es)

A Coruña, 20 de abril de 2015

O secretario xeral

Carlos Amoedo Souto